

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias xullo 2009

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2009

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia durante o mes de xullo de 2009 acadou a cifra de 1.047.292 para o total do sistema o que supón un aumento respecto ao mes de xuño de 13.226 afiliacións (un 1,28%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.143.554, rexistrando un aumento do 0,25% con respecto ao mes anterior.

Na comparativa interanual (xullo de 2008 a xullo de 2009) obsérvase un descenso de 47.607 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 4,35%), inferior á diminución do 6,39% (-1.238.669) no conxunto estatal. Estes datos indican que o 3,8% da diminución da afiliación estatal rexistrada no último ano ten lugar en Galicia.

No que vai de ano, o número medio mensual de afiliacións en Galicia foi de 1.034.724, un 4,3% inferior á cifra rexistrada no mesmo período do ano anterior. En España o descenso no que vai de ano foi do 6,3%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2009	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.143.554	45.568	0,25	-1.238.669	-6,39
Baleares	475.786	10.183	2,19	-34.576	-6,77
Cantabria	224.566	4.705	2,14	-10.498	-4,47
Extremadura	395.432	5.026	1,29	-10.806	-2,66
Galicia	1.047.292	13.226	1,28	-47.607	-4,35
Castilla y León	947.560	9.617	1,03	-44.153	-4,45
Asturias	392.851	3.963	1,02	-18.105	-4,41
Castilla La Mancha	723.936	6.497	0,91	-49.158	-6,36
Aragón	555.591	2.443	0,44	-49.386	-8,16
La Rioja	126.309	445	0,35	-7.745	-5,78
Comunidad Valenciana	1.751.183	5.805	0,33	-198.246	-10,17
Cataluña	3.217.659	10.287	0,32	-244.808	-7,07
Murcia	545.628	1.127	0,21	-41.645	-7,09
País Vasco	940.864	-486	-0,05	-42.071	-4,28
Navarra	268.523	-329	-0,12	-18.123	-6,32
Canarias	699.244	-1.711	-0,24	-69.836	-9,08
Andalucía	2.929.460	-10.409	-0,35	-172.920	-5,57
Madrid	2.862.846	-13.786	-0,48	-179.443	-5,90
Ceuta y Melilla	38.823	-1.037	-2,60	455	1,19

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.- Datos de afiliacións por provincias

Neste mes de xullo de 2009 descende o número medio de afiliacións á Seguridade Social con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é novamente a provincia que sofre o descenso máis forte nas afiliacións interanuais (a taxa de variación é do -5,97%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes con respecto ás do mes de xuño de 2009, todas as provincias experimentan un incremento da afiliación, Lugo con 2.010 afiliacións máis que no mes anterior (1,56%) é a que acada unha maior subida; A Coruña, cun incremento do 1,01% é a que rexistra un menor crecemento. Todas as provincias galegas presentan crecementos sobre o mes anterior superiores á media nacional.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2009	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	437.392	4.387	1,01	-16.233	-3,58
LUGO	131.267	2.010	1,56	-4.589	-3,38
OURENSE	110.092	1.639	1,51	-3.370	-2,97
PONTEVEDRA	368.541	5.190	1,43	-23.415	-5,97
GALICIA	1.047.292	13.226	1,28	-47.607	-4,35
ESPAÑA	18.143.554	45.568	0,25	-1.238.669	-6,39

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración


3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 73,4% das afiliacións galegas en xullo de 2009, aumentaron un 1,76% no último mes. Na comparativa interanual obsérvase un descenso do 4,77%. En España as taxas de variación do número medio de afiliacións ao réxime xeral foron do 0,59% (en relación a xuño de 2009) e do -7,51% (en relación a xullo de 2008). Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (64,8%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos por provincias, obsérvase un descenso da afiliación con respecto ao mes anterior agás na provincia de Pontevedra onde a afiliación deste réxime aumentou un 0,04%. En taxas interanuais, todas as provincias presentan un retroceso, o maior acadao a provincia de Lugo (3,58%) e o menor a de Ourense (3,24%), sendo o descenso medio para Galicia un 3,47%.

Polo que respecta ao réxime especial do mar, as taxas sobre o mes anterior son positivas en todas as provincias. En termos de taxas interanuais, todas as provincias presentan reducións con respecto ao mesmo mes do ano anterior, Lugo rexistra o maior descenso, un 7,72%.

No réxime especial de empregados do fogar todas as provincias, agás Pontevedra, presentan taxas de crecemento interanual positivas, en Pontevedra o descenso é do 1,34%. No conxunto de Galicia a taxa interanual é do 0,29% fronte ao 1,86% nacional. A variación relativa con respecto ao mes anterior é positiva en Ourense (0,07%) e negativa nas restantes provincias con taxas de van dende o -0,17% de Lugo ao -0,60% de Pontevedra.



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DE XULLO 2009	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	437.392	1,01	-3,58
LUGO	131.267	1,56	-3,38
OURENSE	110.092	1,51	-2,97
PONTEVEDRA	368.541	1,43	-5,97
GALICIA	1.047.292	1,28	-4,35
ESPAÑA	18.143.554	0,25	-6,39
R. XERAL			
A CORUÑA	330.091	1,42	-3,74
LUGO	85.112	2,46	-3,27
OURENSE	79.146	2,22	-3,10
PONTEVEDRA	274.303	1,83	-6,88
GALICIA	768.652	1,76	-4,77
TOTAL NACIONAL	13.774.420	0,59	-7,51
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	90.917	-0,34	-3,50
LUGO	39.941	-0,16	-3,58
OURENSE	27.623	-0,25	-3,24
PONTEVEDRA	70.442	0,04	-3,46
GALICIA	228.923	-0,18	-3,47
ESPAÑA	3.218.678	-0,42	-5,32
R. ESPECIAL AGRARIO			
A CORUÑA	1.378	0,73	1,62
LUGO	1.374	-1,36	-5,44
OURENSE	352	-4,35	2,03
PONTEVEDRA	1.236	-0,64	0,24
GALICIA	4.340	-0,75	-1,07
ESPAÑA	784.108	-2,78	8,10
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.465	1,73	-2,72
LUGO	1.972	2,82	-7,72
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	16.306	1,77	-3,18
GALICIA	24.743	1,84	-3,44
ESPAÑA	69.968	2,43	-3,89
R. MINERÍA DO CARBÓN			
A CORUÑA	17	-5,56	-41,38
LUGO	0	--	--
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	0	--	--
GALICIA	17	-5,56	-41,38
ESPAÑA	7.397	-0,94	-8,26
R. ESPECIAL EMPREGADOS FOGAR			
A CORUÑA	8.523	-0,43	0,59
LUGO	2.868	-0,17	0,70
OURENSE	2.970	0,07	2,56
PONTEVEDRA	6.255	-0,60	-1,34
GALICIA	20.616	-0,38	0,29
ESPAÑA	288.984	-0,30	1,86


Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

4.- Evolución da afiliación por comunidades autónomas

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN POR CCAA

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA DE XULLO DE 2009	VARIACIÓN			
		XULLO 09-DECEMBRO 08		XULLO 08-DECEMBRO 07	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.143.554	-387.758	-2,09	9.446	0,05
Galicia	1.047.292	-7.389	-0,70	12.391	1,14
Andalucía	2.929.460	-43.719	-1,47	-36.851	-1,17
Aragón	555.591	-12.066	-2,13	11.895	2,01
Asturias	392.851	-3.259	-0,82	5.465	1,35
Baleares	475.786	81.325	20,62	95.789	23,11
Canarias	699.244	-48.537	-6,49	-37.116	-4,60
Cantabria	224.566	3.635	1,65	5.639	2,46
Castilla La Mancha	723.936	-10.636	-1,45	3.754	0,49
Castilla e León	947.560	-7.752	-0,81	5.767	0,58
Cataluña	3.217.659	-67.334	-2,05	32.062	0,93
Comunidad Valenciana	1.751.183	-110.569	-5,94	-65.624	-3,26
Extremadura	395.432	4.975	1,27	2.742	0,68
Madrid	2.862.846	-115.852	-3,89	-25.188	-0,82
Murcia	545.628	-12.443	-2,23	-7.377	-1,24
Navarra	268.523	-7.786	-2,82	1.818	0,64
País Vasco	940.864	-24.630	-2,55	6.665	0,68
La Rioja	126.309	-3.832	-2,94	-1.172	-0,87
Ceuta y Melilla	38.823	-1.889	-4,64	-1.214	-3,07

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración



Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Rexímenes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>